

CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.

Beneficiarios e requisitos

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter feitos os dezaoto anos o día anterior á data de realización da proba.
2. Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.
3. Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2022/23 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria, nin nas de formación profesional básica.
4. O alumnado matriculado durante o curso 2022/23 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións: Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbito

Forma e prazos de presentación de solicitudes:

Convocatoria de maio: 6 de marzo ao 16 de marzo de 2023, ambos incluídos.

Convocatoria de setembro: 3 de xullo ao 10 de xullo de 2023, ambos incluídos

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse en soporte papel nos centros educativos que se especifican no punto 3 da convocatoria ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado ([código de procedemento ED540A](#)) que figura como anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Mais información:

DOG Núm. 30 Luns, 13 de febreiro de 2023 (código de procedemento ED540A).

RESOLUCIÓN do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoto anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230213/AnuncioG0655-020223-0004_gl.pdf